

**PROCEDIMIENTO DE VALORACIÓN DE GRUPOS
VULNERABLES DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

8 de setembro de 2020 (Rev. V04)

VALORACIÓN DO PERSOAL INCLUÍDO NOS GRUPOS VULNERABLES

De acordo co procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS- CoV-2 publicado polo Ministerio de Sanidade (versión do 22 de maio de 2020): "O servizo sanitario do SPRL debe avaliar a presenza de persoal traballador especialmente sensible en relación coa infección de coronavirus SARS-CoV-2, establecer a natureza de especial sensibilidade da persoa traballadora e emitir informe sobre as medidas de prevención, adaptación e protección."

Para que se poida levar a cabo dita valoración, o persoal da universidade de Vigo seguirá os seguintes pasos:

1º Comprobar se se atopa incluído nalgunha das seguintes situacións: diabetes, enfermidade cardiovascular, incluída hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, insuficiencia renal crónica, enfermidade crónica severa, obesidade mórbida (IMC>40), inmunodeficiencia, cancro en fase de tratamento activo, embarazo, maior de 60 anos.

2º No caso afirmativo, realizar a notificación ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo, enchendo os datos do formulario "Comunicación de persoal vulnerable" que se atopa na Secretaría Virtual > Formularios e enquisas > Privadas > Comunicación de persoal vulnerable, ou premendo no [enlace](#)

3º O Servizo de Prevención da Universidade de Vigo porao en coñecemento da Área de Vixilancia da Saúde.

4º O médico da Área de Vixilancia da Saúde porase en contacto coa persoa traballadora para valorar o seu estado e determinar se é necesaria a adopción de medidas adicionais.

5º O médico da Área de Vixilancia da Saúde emitirá un informe onde se indicaran, de ser o caso, as medidas ou adaptacións que a Universidade deberá realizar para que poida seguir desempeñando o seu posto de traballo, así como as recomendacións individuais que debe seguir o traballador/a.

6º O informe emitido polo médico da Área de Vixilancia da Saúde remitirase á Xerencia para a súa resolución.

7º No suposto no que o responsable do traballador/a considere que non é posible realizar a adaptación do posto de traballo indicada no informe, comunicará dita situación achegando un informe xustificativo da imposibilidade de proceder á adaptación do posto de traballo.

8º A Xerencia, unha vez recibido dito informe, comunicarao ao Servizo de Prevención para que realice os trámites necesarios.

Esa valoración por parte do médico da Área de Vixilancia da Saúde é a única actividade técnica que poderá servir de base para tomar as decisións preventivas adaptadas a cada caso.

O simple feito de que o/a traballador/a presente algunha das patoloxías indicadas ou teña máis de 60 anos non determina a súa consideración de persoal como especialmente sensible, senón que deberá seguir traballando. Polo tanto, para determinar a especial sensibilidade deberán seguirse os pasos definidos anteriormente.

Na xestión e tramitación desta solicitude, se observará o máis absoluto sigilo e confidencialidade.

Actualmente o nivel de risco comunitario considerado polo Ministerio de Sanidade é baixo ou moi baixo, polo que todos os grupos vulnerables considéranse nun nivel de risco 1 (NR1). Ver [Comunicado da xerencia sobre grupos vulnerables do 2 de xullo de 2020](#)